

ASUNTO: RESPONSTA A “INFORME SOBRE LA SITUACIÓN DEL SECTOR PESQUERO Y MARISQUERO EN LAS COFRADÍAS DE PESCADORES DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA, PRODUCIDA POR EL ESTABLECIMIENTO DE LA ALARMA SANITARIA A CONSECUENCIA DEL COVID-19, Y SOLICITUD DE CIERRE DEL SUBSECTOR DE MARISQUEO Y DE RECURSOS ESPECIFICOS” (Data 24 de marzo de 2020 – asinado dixitalmente por Manuel Daniel Formoso – rexistro V15041114).

En consideración do demandado por vostede en relación co informe sobre a situación actual dos sectores de pesca artesanal, marisqueo e recursos específicos tras os efectos do COVID-19, e polo que SE INSTA á Consellería do Mar da Xunta de Galicia a adoptar **AS MEDIDAS NECESARIAS PARA QUE SE PODA CERRAR A ACTIVIDADE MARISQUEIRA E DE RECURSOS ESPECÍFICOS NA PROVINCIA DE A CORUÑA POR CAUSA DE FORZA MAIOR**, para deste xeito facilitar aos profesionais de ámbolos dous subsectores poder acceder ás prestacións económicas e sociais motivadas polo cese da súa actividade laboral.

Cómpre sinalar o seguinte:

1. Conforme ao sinalado no *Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*, a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola non se recolle entre as sinaladas no Anexo I relativo á relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao público queda suspendida con arranxo ao disposto no artigo 10.3, sobre medidas de contención no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras adicionais.

Amais, o *Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, por el que se modifica el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*, no seu artigo único, apartado dous sinala que [...] *Se modifica el título y el apartado 1 del artículo*



10, y se introduce un nuevo apartado 6, con la redacción siguiente: [...] «6. Se habilita al Ministro de Sanidad para modificar, ampliar o restringir las medidas, lugares, establecimientos y actividades enumeradas en los apartados anteriores, por razones justificadas de salud pública.[...].

Xa que logo, visto o marco competencial necesario para efectuar o peche xeral da actividade por causa de forza maior, cabe sinalar que esta Consellería do Mar e o Goberno autonómico non poden proceder a tal demanda de peche de forma xeral por ser competencia do Goberno central, que abocou para si tal capacidade e habilitou ao Ministro de Sanidade para tal fin, debendo dirixirse a tal administración para tramitar esta petición.

2. Cabe sinalar que, conforme ao artigo 21.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, pode procederse á adaptación das medidas durante o desenvolvemento do plan.

Visto que a Consellería do Mar non pode proceder ao peche conforme ao disposto no apartado 1 do devandito artigo¹ polo anteriormente sinalado, debería procederse conforme ao sinalado no apartado 2.

Así, sinálase en tal apartado que as xefaturas territoriais poderán adaptar medidas para favorecer o cumprimento dos obxectivos dos plans. A adaptación tamén poderá ser realizada polas xefaturas territoriais, logo da solicitude das entidades titulares dos plans de xestión, ante circunstancias que dificulten ou potencien o seu desenvolvemento, e tendo en conta aspectos biolóxicos, socioeconómicos e de creación de emprego.

¹ 1. As xefaturas territoriais poderán adaptar medidas para favorecer o cumprimento dos obxectivos dos plans, atendendo os obxectivos recollidos no punto 1 do artigo 6 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, logo de consulta coas entidades titulares destes, no marco do desenvolvemento dos plans de xestión.



Amais, a Circular MA-01-2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan instrucións e recomendacións sobre o desenvolvemento da actividade marisqueira durante o período de medidas preventivas como consecuencia da evolución do coronavirus COVID-19, sinala, no seu apartado e), o seguinte:

[...] e) Recordatorio respecto a posibilidade de adaptacións dos plans de xestión.

- O artigo 21 do decreto 153/2019, do 21 de novembro polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece que as entidades titulares dos plans de xestión, ante circunstancias que dificulten o desenvolvemento do plan, tendo en conta aspectos socioeconómicos poderá solicitar distintas medidas de adaptación para acadar os obxectivos marcados no plan de explotación.

A proposta de adaptación virá debidamente xustificada co informe do técnico, de ser o caso e presentarse perante as xefaturas territoriais a través da sede electrónica.[...]

Xa que logo, conforme ao sinalado, **CADA CONFRARÍA PODERÍA PROCEDER A SOLICITAR O PECHE OU ADIAMENTO DE ACTIVIDADE EXTRACTIVA DO SEU PLAN**, seguindo para tal fin o procedemento sinalado anteriormente.

Ante tales peticións, e conforme ao procedemento establecido, a Consellería do Mar pode proceder (e procederá de ser o caso) a ditar as resolucións específicas pertinentes para cada confraría solicitante, adoptando as medidas pertinentes e baixo os criterios e argumentos achegados.



3. En consecuencia das medidas adoptadas a través do *Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19*, os traballadores autónomos cotizantes e inscritos no Régimen Especial de la Seguridad Social de los Trabajadores del Mar (REM), poderían acollerse ao cese de actividade como consecuencia desta situación.

Así, o artigo 17 desta norma recolle a posibilidade sinalada, podendo ampararse na Prestación extraordinaria por cese de actividade para os afectados pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

No apartado b) do sinalado artigo, recóllese que [...] *En el supuesto de que su actividad no se vea directamente suspendida en virtud de lo previsto en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, acreditar la reducción de su facturación en, al menos, un 75 por ciento, en relación con la efectuada en el semestre anterior.*[...].

Ante esta situación, a Consellería do Mar procedeu a elaborar os cálculos xerais desta circunstancia en base ás notas de venta declaradas polas entidades xestoras das lonxas, para verificar que o sector afectado de forma fundamental (pesca de baixura, marisqueo a pé e de recursos específicos como algas, ourizo, navalla ou percebe), no seu conxunto, poidan acreditar o cumprimento deste requisito e acollerse, no mes sucesivo a este, ao cese de actividade ao ver constatado o sufrimento desta minoración e menoscabo na súa facturación. (VER ANEXO).



Asemade, no escrito tamén se xera a petición de que por esta Consellería **SE REALICEN TODAS AQUELAS XESTIÓNS E TRÁMITES NECESARIOS ANTE O GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE A PESCA DE BAIXURA OU ARTESANAL PODA ACOLLERSE AOS ERTE** ou outro tipo de axudas en condicións razoables e acordes coa realidade actual do sector.

Ante tal petición cabe salientar que:

O Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19 prevé, no seu Capítulo II, unha serie de medidas de flexibilización dos mecanismos de axuste temporal de actividade para evitar despidos.

Así, o artigo 22 recolle medidas excepcionais en relación cos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada por causa de forza maior.

No apartado 1, apúntase que [...]Las suspensiones de contrato y reducciones de jornada que tengan su causa directa en pérdidas de actividad como consecuencia del COVID-19, incluida la declaración del estado de alarma, que impliquen suspensión o cancelación de actividades, cierre temporal de locales de afluencia pública, restricciones en el transporte público y, en general, de la movilidad de las personas y/o las mercancías, falta de suministros que impidan gravemente continuar con el desarrollo ordinario de la actividad, o bien en situaciones urgentes y extraordinarias debidas al contagio de la plantilla o la adopción de medidas de aislamiento preventivo decretados por la autoridad sanitaria, que queden debidamente acreditados, tendrán la consideración de provenientes de una situación de fuerza mayor, con las consecuencias que se derivan del artículo 47 del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre.[...]

Con esta situación, vense realizando, por parte da Consellería do Mar, unha análise das circunstancias que rodean a actividade pesqueira, derivándose desta análise a existencia de ampla casuística acerca das circunstancias que rodean a propia actividade e o seu desenvolvemento, tanto desde o punto de vista de aplicación de medidas de seguridade e preventivas, coma económicas.



Xa que logo, e tendo en conta a súa DEMANDA DE CLARIFICACIÓN SOBRE O ALCANCE DA NORMA REFERIDA Á APROBACIÓN DE ERTEs POR CONSIDERACIÓN DE PROVENIENTES DUNHA SITUACIÓN DE FORZA MAIOR, consideramos que **esta Consellería entendería que os buques e empresas pesqueiras que arman ou posúen buques de pesca poderían acollerse a un ERTE por forza maior previsto no artigo 22 do RD 8/2020, xa que as actividades de pesca e marisqueo acadarían esta consideración por varios motivos cuxa existencia se deberían acreditar debidamente ante a autoridade laboral competente:**

- a. A imposibilidade de cumprimento das medidas que garantan a saúde dos traballadores, para o que varias empresas de prevención de riscos que teñen contratadas as empresas teñen emitido informes ou certificados neste sentido.
- b. A situación de caída e/ou ausencia de demanda provocada polo peche dos establecementos destinatarios dos seus produtos (de forma fundamental cerrados en canto a que o RDL 463/2020 suspende as súas actividades), e para o cal se teñen disposto informes das entidades xestoras de lonxas ou puntos de primeira venta nos cales se testifica a caída de compradores derivada da ausencia de demanda do tipo de produto que se vende para canles HORECA e similares.

Agardando ter dado cumprida resposta á súa demanda e sinalando o convencemento de que todas as administracións e entidades traballaremos para contribuír ás medidas de contención da situación sanitaria ao tempo que se minora o seu impacto socioeconómico, reciba un saúdo e o noso recoñecemento.

